

Decreto

Dona Silvia Alonso Pérez, Concelleira delegada de Muller e Igualdade do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo á: Aprobación das Bases do Certame TikTok pola Igualdade e Contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres.

Visto o Informe-proposta do Xefe do Servizo de Igualdade no que se establecen as bases do certame de TikTok pola igualdade e contra a explotación sexual e a trata de mulleres, o cal ten o seguinte teor literal:

“INFORME DO XEFE DO SERVIZO DE IGUALDADE RELATIVO ÁS BASES DO CERTAME EN TIKTOK “POLA IGUALDADE E CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL E A TRATA DE MULLERES”

Co fin de facer visible a preocupación e o rexeitamento da violencia contra as mulleres, unha das violacións de dereitos humanos máis habituais e silenciadas na nosa sociedade, a Casa da Muller, dentro das actuacións do “IV Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo”, convoca o **CERTAME DE TIKTOK POLA IGUALDADE E CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL E A TRATA DE MULLERES.**

O obxecto da convocatoria é a celebración dun concurso de audiovisuais publicables na rede social TikTok que invite á reflexión sobre a igualdade e contra a explotación sexual e a trata de mulleres a través da actividade creativa. Para elo concederanse dous premios a dúas obras audiovisuais realizadas a través da rede social TikTok sobre o tema especificado. As obras serán elixidas por un xurado entre todas as propostas que cumpran os requisitos de inscrición e presentadas en forma e prazo, de acordo coas seguintes **bases**:

1.- TEMÁTICA: calquera tema que concirna á loita pola igualdade e que faga visible a explotación sexual e a trata de mulleres (proxenetismo, vulnerabilidade da muller prostituída, normalización aberrante do consumo da prostitución, etc.)

2.- REQUISITOS:

- Poderán participar todas aquelas persoas que residan, traballen, estuden ou naceran en Lugo, maiores de 14 anos (as e os menores de 18 anos inscribíranse co permiso escrito das/os súas/seus nais/pais ou titoras/titores legais).
- Cada autora/or poderá presentar tantas obras como desexe.
- Os vídeos participantes incluírán o cancelo #Lugoporlaigualdad.
- A duración máxima das obras será dun minuto.
- A inscrición será totalmente gratuíta e *online*.

- Non serán admitidas obras con linguaxe xenófoba, machista, homófoba, racista, violenta ou de incitación ao odio. A organización reservase o dereito a excluír as obras que incorran en calquera dos puntos expostos anteriormente.

- Cada persoa participante faise responsable de que o contido das súas obras respecta o dereitos de propiedade vixentes, así como que cumpre as disposicións legais exportas no noso código civil e penal. O certame non se fai en ningún caso responsable do contido das obras do concurso.

3.- PRAZO: o prazo de entrega abrírase o 5 de setembro de 2022 e pecharase o 23 de setembro de 2022 (ambos os dous días incluídos).

4.- XURADO: un xurado composto por representantes do Concello de Lugo, Casa da Muller de Lugo e personalidades do sector audiovisual será o encargado de determinar as obras gañadoras.

5.- FALLO: os traballos gañadores daranse a coñecer o 30 de setembro de 2022.

6.- PREMIOS: o certame contará cun primeiro premio dotado de 200 euros e un segundo premio dotado con 100 euros.

- Todos os premios estarán suxeitos ás retencións legais segundo se dispón no artigo 101.7 e a Disposición Adicional 31^a.3.d da Lei 35/2006.

- Cada participante optará a un premio como máximo (unha mesma persoa non poderá facerse cos dous premios do certame). O xurado poderá declarar deserto o premio se o considera oportuno.

- Participación e premio de persoas menores de idade: en caso de que unha persoa menor de idade reciba algún dos premios, deberá aportar para o cobro do mesmo un xustificante asinado pola/o súa/seu nai/pai ou titora/or legal indicando a súa conformidade con dita participación e cobro do premio.

7.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS: A organización do evento resérvase o dereito a exhibir os traballos participantes en mostras da localidade e a aloxalos electronicamente de forma temporal ou indefinida nalgunha plataforma ou rede social municipal, do propio certame ou da plataforma organizadora CortoEspaña; así como para utilízalos en materiais divulgativos, pola promoción da localidade ou doutra índole, do Concello ou de CortoEspaña; ou para a propia promoción do certame.

8.- ACEPTACIÓN DAS BASES: a participación neste concurso a través do seu formulario de inscrición implica a aceptación de todos os apartados das presentes bases, así como a resolución, por parte da organización, de calquera cuestión non prevista nas mesmas.

Calquera dúbida ao respecto destas bases ou ás formas de participación no certame poden ser comunicadas a info@cortoespana.es.

9.- FORMA DE PARTICIPACIÓN

Para optar aos premios é necesario seguir estes dous pasos:

1. Subir o vídeo a TikTok co cancelo #Lugoporlaigualdad. É imprescindible que a conta dende o que se suba sexa pública (se é privada non se podería ver o vídeo).
2. Cubrir o seguinte formulario de inscrición: <https://cutt.ly/jXmQmpD>

No uso das atribucións conferidas á Alcaldesa no artigo 124.º da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e a normativa específica de aplicación, e en virtude de delegación da Alcaldía segundo o Decreto número 2973/2021 de 16 de abril de 2021, a Concelleira delegada de Muller e Igualdade, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- A aprobación da bases do certame de TikTok pola Igualdade e Contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres.

SEGUNDO.- Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar aos/ás interesados/as, e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da notificación deste acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes
- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recursopotestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía ou a Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Sen prexuízo de que poida vostede interpoñer **calquera outro recurso** ou reclamación **que estime conveniente** ó seu dereito.

Cúmprase,